

Bases do VII Premio Lugo Monumental de animación na rúa

BASE 1ª.- Obxecto do Premio:

O VII Premio Lugo Monumental de animación na rúa outorgarase a aqueles grupos que cumpran os requisitos contemplados no punto terceiro destas bases, e que máis colaboren na animación das rúas do centro histórico de Lugo durante as festas de Antroido 2019.

Entenderase como “animación” calquera actividade que as agrupacións participantes consideren oportuna (música, teatro, monicreques, monólogos, maxia, xogos infantís...) e **que contribúa a crear diversión e ambiente rueiro no centro histórico de Lugo.** Poderanse ter en conta as mellores cancións, disfraces ou presentación, pero o que máis pesará será a animación creada nas rúas do centro.

BASE 2ª. Datos e lugares:

Terase en conta a animación **desenvolvida polos participantes durante os próximos días 1 ao 5 de marzo de 2019** no centro histórico da cidade de Lugo, entendéndose como tal o espazo abarcado pola Muralla Romana.

Os horarios en que os participantes desenvolvan a súa actividade serán libres. A entrega de premios será comunicada aos grupos inscritos con unha antelación mínima de 24 horas mediante aviso por mensaxería móbil e correo ao enderezo de contacto, medios de comunicación que serán válidos para todos os efectos para calquera asunto relacionado con este concurso. Tamén se publicará dita data e hora na páxina web www.lugomonumental.es.

BASE 3ª.- Participantes:

Poderán optar ao Premio todas as charangas, grupos e comparsas de calquera tipo participantes no Antroido de Lugo, **previa inscrición de acordo á base 4ª.** As agrupacións inscritas denominaranse **cun nome de grupo ou lema** que poderán facer constar da forma que consideren conveniente.

Cada agrupación participante responsabilízase dos contidos da animación que leve a cabo. A Organización queda exenta de calquera eventual reclamación por dereitos de propiedade intelectual de autores, artistas, intérpretes, executantes e directores con ocasión da interpretación das obras que, no seu caso, puidesen executar, así como de calquera responsabilidade sobre os contidos das actividades.

BASE 4ª.- Inscripción:

1. **Forma:** Para optar ao premio deberán inscribirse no formulario que será facilitado pola organización e que poderán descargar da web www.lugomonumental.es (Anexo I).
2. **Prazo:** O prazo de inscrición abrirase no momento da publicación destas bases e finalizará o día **28 de febreiro ás 24:00 horas**. A Organización se reserva a facultade de prorrogar o prazo de inscrición se aprecia circunstancias que xustifiquen esa decisión.
3. **Lugar:** Aceptaranse as inscricións presentadas en prazo en:
 - a. Calquera dos locais participantes na iniciativa (relación no Anexo II).
 - b. Remitidas por correo electrónico ao enderezo de Lugo Monumental asociacion@lugomonumental.es
4. **Representatividade:** Cada agrupación designará a **un representante**, que será o único interlocutor válido coa Organización para todos os efectos. En caso de resultar premiada, a agrupación faculta expresamente ao devandito representante para recoller o premio. Se non pode recollelo, delegará por escrito nunha persoa do grupo.

BASE 5ª.- Xurado:

O premio outorgarase por un xurado composto por tres membros nomeados pola Organización. Este xurado sinalará os gañadores en función da votación realizada entre as empresas colaboradoras coa iniciativa. **O xurado non terá dereito a voto**, salvo para romper a igualdade en caso de empate nas puntuacións, limitándose ao cómputo de puntuacións que será o único criterio de elección dos gañadores.

BASE 6ª.- Empresas colaboradoras:

Serán empresas colaboradoras as participantes nesta iniciativa, relacionadas no Anexo I. Serán as que voten á mellor animación na rúa.

BASE 7ª.- Votacións:

Cada empresa colaboradora votará ás tres agrupacións que, ao seu xuízo, máis colaborasen coa animación da zona, outorgándose 1, 2 e 3 puntos (sendo 3 a máxima puntuación), gañando a que acade máis puntos.

BASE 8ª.- Premios:

Establécense tres premios:

- **1º Premio: vales por importe de 600,00 euros**
- **2º Premio vales por importe de 300,00 euros**
- **3º Premio vales por importe de 100,00 euros**

Os premios entregaranse en vales de 50,00 euros **utilizables nas empresas participantes nesta iniciativa e nas asociadas a Lugo Monumental**, tendo os gañadores un **prazo máximo de 1 mes** desde a súa recepción para gastalos. Só se poderá usar un máximo de **dous vales por local**, e estes **non se poderán cambiar por diñeiro en efectivo en ningún caso**.

A responsabilidade da custodia de dos vales será do responsable do grupo, e a **persoa que o utilice deberá identificarse co seu DNI**.

BASE 9ª.- Aceptación das bases e cesión de dereitos:

1. O feito de concorrer a este Premio comporta o outorgamento dun permiso expreso á Organización para a utilización das imaxes captadas.
2. Os participantes comprométese a facilitar á Organización unha fotografía dixital da súa agrupación caracterizada durante as festas para a súa difusión.
3. A participación neste Premio supón a aceptación destas bases, así como das decisións adoptadas pola Organización na súa execución, desenvolvemento e interpretación de todas as cuestións non previstas nas mesmas, aceptándose o fallo do xurado como inapelable.
4. Os integrantes das agrupacións participantes no concurso, así como as sociedades ou entidades ás que puidesen pertencer, renuncian expresamente ao seu propio foro, e por aplicación do disposto no artigo 55 da Lei de Xuizamento Civil, sométense ao foro e competencia territorial dos Xulgados e Tribunais de Lugo, en orde a dilucidar calquera conflito de intereses xurdido con ocasión destas bases e da convocatoria e celebración do VI Premio “Lugo Monumental” de animación de rúa.

VII Premio Lugo Monumental de animación de rúa

Anexo I – Relación de locais participantes con dereito a VOTO

<i>Orden</i>	<i>Nombre comercial</i>	<i>Dirección</i>
1	Onda Night Club	Catedral, 10
2	La Roma Pub	Catedral, 12
3	Medieval Café Pub	Catedral, 14
4	Restaurante Antas	Miño, 03
5	101 Vinos	Miño, 06
6	Restaurante Tosar	Miño, 08
7	O Pote	Miño, 11
8	Vinissi	Miño, 27
9	Animatium	Tinería, 08
10	Óptica de la Torre	Quiroga Ballesteros, 01-03
11	Opticalia Callao	Reina, 23
12	Melfror	Plaza Mayor, 20-21
13	Farmacia da Cruz	Conde Pallares, 06
14	Mesón de Alberto	Cruz, 08
15	Bulló Xantar	Cruz, 08
16	Café Bar A'Tasca	Cruz, 03
17	Las Cinco Vigas	Cruz, 05
18	O Castor	Cruz, 16
19	Millenium Cervecería	Cruz, 18
20	Jager Lounge	Cruz, 20
21	People	Cruz, 17
22	Legends Café	Obispo Basulto, 8
23	Dvorak 2.0	Obispo Basulto, 10
24	Taberna Daniel	Obispo Basulto, 04
25	El Riba	Plaza del Campo, 12
26	Restaurante Campos	Ruanova, 04
27	Petisco	Rúanova, 03
28	Currunchos A Nosa Terra	Ruanova, 08


VII Premio Lugo Monumental de animación de rúa

Anexo I – PLANO de locais participantes con dereito a VOTO

Antroido 2019 VII PREMIO LUGO MONUMENTAL DE ANIMACIÓN NA RÚA

Listado de locales participantes Con dereito a voto!

- | | | | |
|----|----------------------|----|-----------------------|
| 1 | Onda Night Club | 20 | Jager Lounge |
| 2 | La Roma Pub | 21 | People |
| 3 | Medievo Café Pub | 22 | Legends Café |
| 4 | Restaurante Antas | 23 | Dvorak 2.0 |
| 5 | 101 Vinos | 24 | Taberna Daniel |
| 6 | Restaurante Tosar | 25 | El Riba |
| 7 | O Pote | 26 | Restaurante Campos |
| 8 | Vinissi | 27 | Petisco |
| 9 | Animatium | 28 | Curuncho A Nosa Terra |
| 10 | Óptica de la Torre | | |
| 11 | Opticalia Callao | | |
| 12 | Melfror | | |
| 13 | Farmacia da Cruz | | |
| 14 | Mesón de Alberto | | |
| 15 | Bulló Xantar | | |
| 16 | Café Bar A'Tasca | | |
| 17 | Las Cinco Vigas | | |
| 18 | O Castor | | |
| 19 | Millenium Cervecería | | |



VII Premio Lugo Monumental de animación de rúa

Anexo II – Solicitud de participación para grupos

O grupo*

Nome do grupo: _____

Número de participantes e breve descrición da animación:

E no seu nome (persoa de contacto),

Nome: _____

endereço electrónico: _____

Teléfono móbil de contacto (con activación de WhatsApp): _____

Solicita a inscrición coma PARTICIPANTE no VII Premio Lugo Monumental de animación de rúa. Participar neste concurso implica o coñecemento e aceptación das bases, e expresamente a cesión de uso das imaxes segundo recollen as mesmas, que se poden consultar en www.lugomonumental.es.

Así mesmo, comprométese a manter actualizados os datos desta solicitude, e particularmente os relativos a correo electrónico e teléfono móbil, aceptando que as comunicacións realizadas por este medio desde a Asociación son válidas para todos os efectos.

En Lugo, a ____ de ____ de 2019

Fdo: _____

Firma do solicitante

* Poderá participar calquera grupo, **aínda que non estea legalmente constituído** como asociación ou agrupación, e independentemente de que sexa profesional ou afeccionado.

PROTECCIÓN DE DATOS: De conformidade ao disposto na lexislación sobre protección de datos, informámoslle da o cubrir este formulario acepta que os datos facilitados no mesmo sexan incorporados a un ficheiro informático que terá como única finalidade as actividades propias da Asociación Lugo Monumental. En ningún caso os seus datos serán cedidos a outras entidades para ningunha outra actividade sen consentimento dos titulares. Faise mención expresa ao seu dereito de acceso, rectificación, oposición e cancelación ante a Asociación Lugo Monumental, apartado de Correos 666, 27.080 de Lugo ou asociacion@lugomonumental.es.

Se non desexa recibir ningunha comunicación de Lugo Monumental que non estea relacionada co VII Premio Lugo Monumental de animación de rúa marque a casa seguinte: